

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DE REBOREDA  
XUNTANZA ORDINARIA 10 DE FEBREIRO 2015

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta anterior.
- 2.- Información da situación actual das obras levadas a cabo cos orzamentos participativos.
- 3.- Presentación de propostas para os orzamentos participativos 2015.
- 4.- Rogos e preguntas.

Na Sociedade Labrego Cultural de Reboreda, sendo as 20:10 horas do día 10 de febreiro de 2015, despois da correspondente convocatoria, reuníronse as/os membros seguintes:

Cecilia Pérez Orxe, representante do BNG.  
Manuel Darriba Rivera, representante das asociacións veciñais.  
Luis Orge Míguez, representante do PSdeG-PSOE.  
José Luis Casal Iglesias, representante de AER.  
José Antonio Rodríguez Míguez, representante das asociacións de augas.  
Serafín Otero, representante das asociacións veciñais.  
Juan José Darriba Rivera, representante das asociacións veciñais.  
Juan Carlos Fernández Rodríguez, representante da Comunidade de Montes.  
Jacinto Ricón Rodríguez, representante da Comunidade de Montes.  
Javier Vilas Alonso, representante das Asociacións Culturais.

Todas/os elas/es baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidas/os por min, M<sup>a</sup> Lourdes Fernández Arines, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Reboreda convocada para o día de hoxe.

Sendo as 20:10 horas a Presidencia declarou aberta a sesión e comezouse coa orde do día.

- 1.- Aprobación da acta anterior.

Por unanimidade dos seus membros queda aprobada a acta anterior.

- 2.- Información da situación actual das obras levadas a cabo cos orzamentos participativos.

A Presidenta do Consello informa aos asistentes do remate das obras no Cadaval, a reparación de dous lavadoiros, da colocación das bases de varios contenedores e a limpeza por Santo Paio e Pousadouro.

### 3.- Presentación propostas para os orzamentos participativos 2015.

A Presidenta solicita que se expongan as propostas das diferentes asociacións ali presentes.

Manuel Darriba Rivera, expón o acordo o que chegaron na assemblea da asociación de veciños e que incluía as seguintes actuacións :

- a) Facer o muro da Paradela, o seguir do feito o ano pasado, na estrada de Santo Paio de Abaixo.
- b) Facer muro en Santo Paio de Abaixo, un pouco mais arriba do anterior ( muro da Viruquita).

M<sup>a</sup> José Barciela dí que a ela non lle parece acertado que todos os anos se fagan muros na mesma zona (Santo Paio de Abaixo) que teñen que ir turnandose a facer obras por diferentes lugares da parroquia, que existen sitios con curvas perigosas noutros zonas e que tamén urxe arranxar.

Jose Antonio Rodriguez Miguez dí que existe un Acta da Asamblea realizada para estudar os participativos donde chegaron o acordo de solicitar estes muros e que teñen que respetala.

M<sup>a</sup> José Barciela propón deixar o muro de Viruquita para os participativos do ano que ven, ao que os asistentes o consello responden que non porque facendo este muro se remata definitivamente neste estrada e non se quedan os traballos a medias.

Juan José Darriba Rivera dí que teñen mais propostas coma a de por marquesinas en Santo Paio de Arriba (na de Fin) e instalar taboleiros de anuncios por varios sitios da parroquia.

Jacinto Ricón Rodríguez pregunta a quen lle corresponde o asfaltado do camiño que vai a Traida de Augas.

A Presidenta responde que o manteniemento do camiño o ten que facer o concello pero o asfaltado correspondelle a Aqualia.

Juan José Darriba comenta que xa lle trasladaron en diferentes ocasións esta petición a Aqualia pero que non conseguiron nada.

Procedese a votación das diferentes proposta feitas, chegando a seguintes acordos :

- A) Facer muro en Santo Paio de Abaixo .- votan a favor Luis Orge, Juan Jose Darriba, Manuel Darriba, José Antonio Rodríguez, Javier Vilas, Serafín Otero, Juan Carlos Fernández, Jacinto Ricón e M<sup>a</sup> José Barciela. Se absteñen Cecilia Pérez Orxe e José Luis Alvarez Casal.
- B) Facer muro en Santo Paio de Abaixo (na de Viruquita) .- votan a favor Luis Orge, Juan Jose Darriba, Manuel Darriba, José Antonio Rodríguez, Serafín

Otero, Juan Carlos Fernández, Jacinto Ricón. Se absteñen Cecilia Pérez Orxe, José Luis Alvarez Casal, Javier Vilas Alonso e M<sup>a</sup> José Barciela

C) Instalación de Marquesina.- votan a favor Luis Orge, Juan Jose Darriba, Manuel Darriba, José Antonio Rodríguez, Serafín Otero, Juan Carlos Fernández, Jacinto Ricón e M<sup>a</sup> José Barciela. Se absteñen Cecilia Pérez Orxe, José Luis Alvarez Casal e Javier Vilas Alonso.

D) Colocación de taboleiros en varios lugares da parroquia .- votan a favor Luis Orge, Juan Jose Darriba, Manuel Darriba, José Antonio Rodríguez, Javier Vilas, Serafín Otero, Juan Carlos Fernández, Jacinto Ricón e M<sup>a</sup> José Barciela. Se absteñen Cecilia Pérez Orxe e José Luis Alvarez Casal.

#### 4.- Rogos e Preguntas.

A Presidenta presenta o proxecto da Ponte de Xulián.

Cecilia Pérez Orxe pregunta que se fixo ca pedra que se retirou da ponte.

M<sup>a</sup> José Barciela responde ca pedra do bordillo a garda o concello e que se empregará nas obras que realice o concello e que faga falla.

José Antonio Rodríguez pregunta porque non se poñe outro brazo no punto de luz que hai no cruce donde tiraron a casa de Carlos debido a que é unha zona moi oscura.

A Presidenta dí co alumeadado desa zona realizárase en breve é que non merece a pena, xa teñen os cartos e que só está pendente dunha sinatura.

Juan José Darriba pregunta si se pode facer unha pasarela por fora da ponte.

Juan Carlos Fernández Rodríguez pregunta cando se vai a instalar o alumeadado ata o Carballo das Cen Polas.

A Presidenta dí que no Consello Parroquial nunca se falou dese tema.

Juan José Darriba dí que eles solicitaron 3 puntos de luz ata esa zona, pero que o concello nunca o fixo.

M<sup>a</sup> José Barciela expón que no camiño da Misión fan falta 3 o mais puntos de luz, o cadro eléctrico e bastantes mais cousas para acondicionalo o que supón bastantes mais cartos..

José Luis Alvarez dí que se poden aumentar os orzamentos participativos.

Cecilia Pérez expón que as obras tamén se poderían levarse a cabo cos orzamentos do concello sin ser cos participativos.

José Antonio Rodríguez preguntalle a Presidenta se fixo algunha xestión referente o camiño do Convento que vai a sair a de Torres, dí que todo o camiño está cheo de maleza polos balados é precisa unha limpeza.

M<sup>a</sup> José Barciela expón que non hai cartos para todo, que nesa zona primeiro habería que falar cos veciños para que cedan terreo e despois buscar financiación.

Jose Antonio Rodríguez dí que a carretera que vai de Pousadouro a Ventosela é da Deputación e pregunta si se lle podería solicita a este organismo o seu ensanchamento, polo menos ata os Xogos dos Bolos.

Jacinto Ricón dí que nos Xogos dos Bolos é facil ensanchar retirando os postes que hai nos columpios xa que estos practicamente non se utilizan.

M<sup>a</sup> José Barciela dí que iso é unha negociación que ten que levar a cabo a Deputación cos veciños, pero que ata o de agora nunca xegaron a un acordo.

E, non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA da que, coma Secretaria do Consello, DOU FE.